

A política a forma e no fondo. A procura, formal e vital, constante. A imaxe como un ente propio, como unha continuación do orgánico. O cine de Alberte Pagán, insubornábel en todos os sentidos, navega por esas augas construíndo unha visión do mundo á vez estrañada e profundamente humana. Utilizando “o seu propio material encontrado”, moldea películas ásperas e cálidas, que parecen respirar e ter vida propia. Pagán leva a cabo así unha investigación cinematográfica que excede as súas propias fronteiras, pois a súa actividade -e activismo- levárono tamén pola escritura (é autor de esenciais estudos sobre cine de vangarda), a programación e



o camiño fundamental de quen quere saber: a viaxe. A experiencia e o coñecemento subxacen así baixo as pezas de quen probablemente sexa unha das figuras máis relevantes do cine experimental da Península. Alguén que transita un camiño en aparencia pedregoso e solitario, mais que recompensa con misteriosas revelacións aos que por el o acompañan..

Sesión 1

A Pedra do Lobo. 2010. Vídeo. 111 min.

“As historias non se contan, vívense”, dise nun momento da película. E é algo que queda en evidencia ao ver *A Pedra do Lobo*: que é unha película que non se escribiu, senón que se foi vivindo. Os camiños insondáveis dunha narrativa encontrada son os que percorremos neste filme que afunde as súas mans na medula da vida: na súa crueldade, na súa confusión, na súa dor. O amor, encontros na noite, figuras misteriosas, morte, imaxes, palabras, descubrimentos, animais, terra, corpos. Pagán investiga na ficción con esta película que indaga nunha frondosa selva de sentimentos, como el mesmo a describe, dando claves para nos enfrontarmos a ela: “Na selva non hai perspectiva, non hai liñas rectas, non hai perpendiculares nin horizontalidade: só unha masa de órganos e exuberancia”.

Xoves 31 de maio. 17.00 horas. Sala (8). Centro Cultural Ágora.

Sesión 2

Unha sesión dividida en tres partes.

Para empezar, Alberte Pagán falará sobre a orixe d’*A Pedra do Lobo*. Unha viaxe polas ideas que orixinan a película, deténdonos en fragmentos de pezas de autores como Andy Warhol, Peter Gidal, Jackie Raynal, Jose Mari Zabala, Larry Jordan, Marguerite Duras, Bergman, Buñuel, Murnau... A continuación, poderase ver *Eclipse metanoico* (2009, 33 min.) e *Eclipse* (2010, 20 min.). *Eclipse metanoico* nace da man da feroz improvisación dos músicos Pablo Sax e Andrés Castro, para o Festival de Noia. Pagán ideou esta peza para acompañar en directo a música: medio ano durante o

que gravou unha pereira e o que ocorre ao redor dela nunha peza convulsa e hipnótica, que poderemos disfrutar no seu estado orixinal. Nesta sesión, poderemos vela con URRO musicalizándoa en vivo, tal e como se viu na “cita a cegas” entre música e imaxe que tivo lugar no CSO As Atochas. *Eclipse* parte á súa vez de *Eclipse metanoico*. Pagán modifica a peza, recollendo a vida ao redor desa árbore durante o ano enteiro. Unha árbore que acaba por parecer a orixe telúrica de todo o que acontece ao seu redor, un campo magnético de propiedades case sobrenaturais.

Xoves 31 de maio. 19.15 horas. Sala (8). Centro Cultural Ágora.

Sesión 3

Os waslala (tres retratos). 2005. Vídeo. 14 min.

Os waslala viven ao norte de Nicaragua. Un pobo perseguido e ignorado, campesiños sandinistas que ocupan unha illa no lago Cocibolca da cal foron expulsados polo exército unha e outra vez. Pagán retrata tres “waslala”, extraendo coidadosamente dos seus xestos e as súas voces, por diversos medios, o aplomo case suicida de quen nada ten que perder e á vez o ten todo en xogo.

Pó de estrelas. 2007. Vídeo. 24 min.

As orixes do universo. O amasillo de células que é a terra e que son os homes. Confusa masa orgánica entre a trivialidade e a barbarie. *Pó de estrelas* bombardéanos con imaxes (experimentando co significado formal de montaxe) nunha crítica da sociedade do espectáculo.

Puílha 17 Janeiro 2010 15:33h. 2010. Vídeo. 15 min.

“Tese, antítese e síntese”. Así describe Pagán esta obra na cal o xogo entre a imaxe, o seu reverso e o son da “Casa Encantada” borra e fai colisionar as fronteiras entre pasado e presente, interior e exterior.

Película urgente por Palestina. 2012. Vídeo. 14 min.

Esta película é “o contrario á descrición dun combate. É un combate”. Así fala o autor, nunha referencia explícita á película de Marker, desta película urxente por Palestina.

Domingo 3 de xuño. 17.00 horas. Sala (8). Centro Cultural Ágora.

Sesión 4

Faustino 1936. 2010. Vídeo. 6 min.

“Faustino non está na fotografía, mais é a causa da fotografía. Faustino vive e traballa en Arxentina. Contraerá matrimonio, terá fillos, enviuará, será asasinado. Faustino pídelles á familia unha fotografía, para os ter no recordo. A familia camiña desde Cenlle a Rivadavía para se deixar retratar. Para se facer a única fotografía conservada, en Galiza ou en Arxentina, na cal aparece a familia enteira. Excepto Faustino, que non está na fotografía mais é a causa da fotografía”.

Bs. As. 2006. Vídeo. 79 min.

Do mesmo lugar que parte *Faustino 1936* parte Bs. As. É dicir, da viaxe -para moitos sen retorno- de Galiza a Arxentina fuxindo da guerra, a penuria e a fame. E o seu xerme está nunha viaxe do autor e a súa nai a Bos Aires, para visitaren dous tíos emigrados hai cincuenta anos (e que nunca regresaron), tamén pensada co afán de encontrar as pegadas da resistencia en Arxentina. Bs. As. é unha visión da emigración e os seus traumas, dunha familia na cal “un océano separa unha xeración da seguinte”. Bos Aires e Galiza, e o carácter mítico e irreal que adquire cada lugar visto a través do tempo e a distancia que hai dunha beira a outra. A través de vistas de Bos Aires e das voces da súa nai e a súa curmá (nada xa en América, e a quen coñece por carta), Pagán constrúe un relato distanciados, libre de calquera cliché nostálgico. Un traballo que deu a coñecer a obra de Pagán a moitos, tras o seu paso

por festivais como Gijón, Las Palmas ou Punto de Vista, sendo galardoada co Premio Román Gubern de cine-ensaio da UAB.

Domingo 3 de junio a las 19.15 en la Sala (8). Centro Cultural Ágora.